

PROXECTO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL



IES Auga da Laxe

Índice

- I. O Proxecto de Orientación Académica e Profesional
- II. Ámbitos, Metodoloxía e Mecanismos de intervención do Departamento de Orientación
- III. Obxectivos
- IV. Contidos
- V. Avaliación, revisión e modificación do POAP
- VI. Documentación

I. O Proxecto de Orientación Académica e Profesional (POAP)

O Proxecto de Orientación Académica e Profesional do I.E.S. Auga da Laxe de Gondomar é o documento que contén as liñas xerais de actuación da orientación no centro no que se refire ao asesoramento, orientación e relación dos tres axentes educativos: alumnado, profesorado e familias. Pretende así cubrir as necesidades particulares de cada unha das moitas agrupacións diferentes que funcionan ao mesmo tempo no Instituto: grupo de aula, agrupamentos flexibles, reforzos, delegados de curso, alumnos dun mesmo nivel educativo, grupos de traballo concretos (curriculares ou extraescolares), departamentos educativos, grupo de profesores dunha aula, tutores, equipo directivo, grupo de pais e nais dunha aula, asociación de pais e nais de alumnos e alumnas, consello escolar, etc.

Atendendo aos criterios comunmente aceptados para que un proxecto de orientación resulte efectivo, tratamos de que fose o contexto socioeducativo o que vertebrase o POAP.

Con ese obxectivo, tivemos en conta os seguintes requisitos:

Que o Proxecto de Orientación estea enmarcado no PEC.

É necesario ter sempre presentes os obxectivos xerais que establece o PEC en canto a metas educativas, tipo de aprendizaxe, capacidades que se pretende desenvolver e orientación da aprendizaxe; xorden así as directrices do Proxecto de Orientación.

Que se adapte aos resultados obtidos na avaliación xeral de necesidades de orientación do centro.

Realizouse unha primeira consulta aos alumnos, aos profesores e ás familias, en outubro de 1997. Responderon un 61 % do alumnado, un 40 % do profesorado e un 22 % das familias.

	Alumnos	Profes.	Familias
Orientación vocacional	X	X	X
Técnicas e hábitos de estudio	X		X
Dificultades no aprendizaxe	X	X	X
Educación para a vida	X		X
Orientación ás familias		X	
Metodoloxía nas titorías		X	
Relación coas titorías			X

Todos coincidiron en reclamar atención ás dificultades de aprendizaxe e orientación vocacional.

Hai unha interesante relación entre dúas destas respostas: mentres as familias e os alumnos reclaman técnicas de estudio e educación para a vida, os profesores pensan que falta axuda e orientación ás familias.

Ademais, os profesores pensan que hai que facer un traballo xeral de reforzo no que se refire á comprensión lectoescritora e ao razoamento lóxico e numérico.

Está previsto volver a facer esta consulta para actualizar os datos.

Que haxa conexión entre as propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica e o emanado dos Departamentos de Orientación do ámbito de adscrición.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, tendo en conta, como dixemos antes, o PEC, fixará as liñas xerais do Proxecto.

Por outra banda o Departamento de Orientación do noso centro mantén de forma periódica reunións co Dpto. de Orientación do colexio Chano Piñeiro, que é o noso centro adscrito; trátase de manter correlación entre as programacións e continuidade na relación cos rapaces, sobre todo nos capítulos de acción titorial e de atención á diversidade.

Fanse tamén reunións cos Departamentos de Orientación dos centros de secundaria da comarca, que inclúe os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, para intercambiar experiencias concretas e tratar de dar coherencia á actuación en toda a nosa zona.

II. Ámbitos, Metodoloxía e Mecanismos de intervención

Alumnado

O alumnado recibirá atención en grupo ou individualmente, segundo as circunstancias, mediante:

- Sesións semanais de tutoría.
- Entrevista individual co titor, sempre que o demande calquera das partes: o alumno, a súa familia, un profesor ou o propio titor.
- Entrevistas coa orientadora sempre que se soliciten mediante cita previa. A petición para unha entrevista pode ser demandada polo alumno, a súa familia, o seu titor, calquera outro profesor ou a propia orientadora. A orientadora informará por escrito ao titor sobre as cuestións que teñan que ver co proceso de ensino-aprendizaxe do alumno entrevistado.
- Atención directa da pedagoga terapéutica cando sexa necesario.

Familias

As familias recibirán atención en grupo ou individualmente, segundo as circunstancias, mediante:

- Entrevistas individuais previa cita, sempre que algunha das partes o solicite.

Profesorado

O profesorado recibirá atención en grupo ou individualmente, segundo as circunstancias, mediante:

- As sesións trimestrais de avaliación ou preavaliación (se o solicitan) do grupo.
- Reunións puntuais, individuais ou en grupo sempre que algunha das partes o solicite.

III. Obxectivos

O POAP ten tres obxectivos xerais:

1º Asesorar a cada un dos tres axentes educativos:

Ao alumnado, para acadar as metas educativas propostas no PEC e para que adquiran un bo coñecemento de si mesmos e das súas capacidades que facilite a súa integración na vida adulta, social, académica e laboral, atendendo especialmente ao sector de alumnos con necesidades educativas especiais.

Ao profesorado, sobre todo nos labores de titoría e na atención á diversidade e a relación coas familias.

Ás familias, para mellorar a capacidade de seguimento do proceso educativo e, polo tanto, a capacidade de colaboración cos titores e orientadores.

2º Detectar as necesidades educativas especiais debidas a factores persoais, sociais ou familiares, así como propoñer estratexias de axuda e coordinar a súa posta en práctica.

3º. Tratar de que as actividades propostas no Proxecto de Orientación se desenvolvan dun xeito global, organizado e coordinado.

IV. Contidos

O Programa de Acción Titorial na ESO

A consecución dos obxectivos do POAP farase a través dun Programa de Acción Titorial (PAT) que levarán a cabo os titores asesorados polo Departamento de Orientación a través de tres programas específicos.

POAP	A. Programa de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe	B. Programa de madureza vocacional e orientación profesional	C. Programa de atención á diversidade
Alumnado	<h1>Programa de Acción Titorial</h1>		
Familias			
Profesorad o			

A. Programa de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

Obxectivos específicos	Mecanismos de actuación
Facilitar estratexias de aprendizaxe	<p>-Na clase, nas sesións de reforzo e na titoría, daránselles traballos específicos para a mellora de: habilidade lectoescritora, comprensión e expresión verbal, razoamento numérico, seguimento de instrucións, tipo de memoria, capacidade de resolución de problemas.</p> <p>-Exercitar as vías da aprendizaxe auditiva, visual e manipulativa.</p> <p>-Mestura do traballo individual e o traballo cooperativo.</p>
Motivar aos alumnos para o estudo eficaz	<p>-Propostas de técnicas de traballo intelectual: técnicas de estudo, planificación do traballo, coidado do horario e lugar de estudo, levar ao día a axenda escolar e guiarse por ela.</p> <p>-Actividades para mellorar o coñecemento de intereses e valores e para reflexionar sobre as expectativas de futuro.</p> <p>-Propostas de traballos para o autorreforzo.</p>

B. Programa de madureza vocacional e orientación profesional

Obxectivos específicos	Mecanismos de intervención
Mellorar o autocoñecemento	<p>A través da focalización da atención, das charlas de orientación, da avaliación ordinaria ou das actividades voluntarias (complementarias e extraescolares), tratar de que o alumno:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Reflexione acerca dos seus valores e intereses persoais -Reflexione acerca das súas capacidades e habilidades -Valore o seu esforzo
Coñecer a fondo as posibilidades do sistema educativo	<p>A través dos taboleiros, charlas específicas e entrevistas persoais, daráselles ós alumnos información acerca de: criterios de avaliación e promoción, optatividade, modalidades de bacharelato, ciclos formativos, programas de garantía social, probas de acceso específicas, universidade, ensinanzas non regradas</p>
Conseguir boas habilidades sociais e de vida	<p>Mediante as horas de titorías ou a requerimento persoal, poderase dar orientación acerca destes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Autoestima e adaptación familiar, social e escolar -Responsabilidade (elección de delegado) -Tolerancia (empatía, convivencia) -Solidariedade (traballo en equipo, actividades grupais, cohesión grupo-clase) -Educación sexual

B. Programa de atención á diversidade

Obxectivos específicos	Mecanismos de intervención
Previr e detectar as dificultades de aprendizaxe	-Avaliación inicial -Expediente académico -Informes individualizados -Traballo nas titorías
Facer unha avaliación psicopedagóxica	-Tests e entrevistas para coñecer as características individuais do alumno, do seu contexto sociofamiliar, e do seu contexto escolar -Informes psicopedagóxicos
Atender á diversidade	-Coas medidas ordinarias: PCC, Programación da aula, Optatividade -Coas medidas específicas: Reforzo, Agrupamentos Específicos, Diversificación Curricular (PDC), Adaptacións Individualizadas (ACI), Programas de Garantía Social (PGS) -Coas modalidades de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado estranxeiro

O Programa de Acción Titorial na Diversificación Curricular

Planifícanse actividades para acadar os obxectivos específicos que se perseguen no Programa de Diversificación Curricular, e que son:

- Integración no centro e participación no grupo.
- Motivación, desenvolvemento persoal, autoestima.
- Seguimento das posibles AACCI.
- Orientación vocacional e profesional.

O Programa de Acción Titorial na Garantía Social

As actividades propostas tratarán de poñer en práctica os aspectos fundamentais sinalados para este grupo educativo:

- Constatar a evolución do alumnado ao longo do curso.
- Identificar as súas propias capacidades e aptitudes e confrontalas coas súas expectativas e preferencias.
- Valorar o esforzo persoal como unha tarefa para superar as dificultades.

- Actuar con autonomía e iniciativa.
- Responsabilizarse das súas actuacións.
- Asumir responsabilidades sociais.
- Ser consciente da importancia da formación para o acceso ao traballo e para o desenvolvemento dunha profesión.

O Programa de Acción Titorial no Bacharelato

Aínda que en esencia se manteña a idea do programa de orientación da ESO, o Programa de Acción Titorial para os dous cursos de Bacharelato contén unha serie de diferencias marcadas polo feito de ser ensinanzas non obrigatorias.

O Bacharelato non dispón de hora lectiva de tutoría na aula, así que debe quedar ao criterio do titor cando e como realizar as actividades pertinentes.

O obxectivo do POAP en Bacharelato é asesorar aos tres axentes educativos para:

- Facilitar a consecución dos obxectivos académicos da etapa.
- Conseguir que os alumnos adquiren durante eses dous anos un grao

de autoconecemento que lles facilite a integración na vida adulta, sexa no mundo laboral ou académico.

Para acadar estes obxectivos o POAP articula dous programas básicos de actuación:

A. Programa de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

Obxectivos específicos	Mecanismos de intervención
Motivar e axudar no estudio	Autoconecemento das capacidades instrumentais Autoconecemento de intereses e valores e aprendizaxe cooperativo. Expectativas de futuro e autorreforzo. Hábitos de estudo. Técnicas de estudo

B. Programa de madureza vocacional e orientación profesional

Obxectivos específicos	Mecanismos de intervención
Responsabilizar	<p>Información sobre os criterios de avaliación e promoción, probas de acceso a outros estudos, estudos posteriores na Universidade ou nos Ciclos Formativos.</p> <p>Asesoramento para a toma de decisións</p>
Integrar socialmente	<p>Actividades para facilitar a incorporación á vida laboral: asesoramento na busca de emprego; técnicas empregadas para contratar: entrevistas, <i>curriculum vitae</i>, tests, carta de presentación, etc.</p> <p>Actividades grupais para ter experiencia no traballo en equipo e tolerancia na toma de decisións.</p> <p>Actividades para a educación en valores: consumo responsable e educación para a saúde (prevención de adiccións, educación sexual).</p>

V. Avaliación, revisión e modificación do Proxecto

Prevese que o Proxecto de Orientación sexa avaliado por tódolos axentes educativos que participan nel: alumnado, profesorado e familias, ademais de polos propios compoñentes do Departamento de Orientación da seguinte forma:

A. Avaliación continua

Tódolos axentes educativos poderán achegar información útil para avaliar aspectos concretos do proxecto no transcurso da súa aplicación. Os membros do Departamento de Orientación estarán atentos a estas informacións para, no seu caso, elevalas como propostas de modificación.

B. Avaliación final

Participarán nela todas as partes implicadas da seguinte maneira :

O Departamento de Orientación fará unha memoria anual.

Os titores responderán a un cuestionario específico feito polo Departamento de Orientación.

Cando as integrantes do Departamento de Orientación o estimen necesario, os profesores, o conxunto do alumnado e as familias responderán a un cuestionario que permita a avaliación da vixencia do POAP

C. Avaliación formativa

Para a Avaliación Formativa teranse en conta as propostas de modificación, que se debaterán na Comisión de Coordinación Pedagóxica, para sometelas logo a votación no claustro de profesores.

VI. Documentación

No Departamento de Orientación e á disposición dos profesores figuran os seguintes materiais para axuda no traballo de orientación:

- Biblioteca do Departamento de Orientación.
- Documentos elaborados polo Departamento.
- Cadernos de titoría elaborados polo Departamento.
- Medidas de Atención á Diversidade (documentos legais vixentes).